

Agardo esperto que se abra a persiana, como cada mañá. Foi programada para responder ao meu costume de mirar a luz nova do amencer cando me ergo da cama. Os vellos durmimos aos poucos, cando nos peta, por iso a noite longa non se axusta aos nosos períodos curtos. Teño que poñer as lentes para contemplar os agros co pano do Taúme de fondo, unha imaxe que amo como as rutinas que me axudan a sobrevivir neste mundo para mozos habitado por vellos. Os galos do lugar, que moran nas marxes desta sociedade robotizada e obsesionada con adiantarse aos nosos desexos, rompen o silencio no día que nace para ofrecermos a repetida metáfora da vida: limpo e inocente no amencer, esplendoroso co fulgor da madurez e languidecendo no serán até morrer no caso.

Luana, a fermosa garota de Ipanema que me cuida e non é un robot, chama e entra para collerme do brazo e acompañarme ao paseo diario; un paseo que pouco a pouco, imperceptiblemente, como o medrar dos seres vivos, se foi reducindo até rematar na Boca do Río. Imos pola pista asfaltada que vai desde O Currel de Baixo á desembocadura do Sieira, agora case desaparecida porque o mar se empeña en vir recibir o río máis arriba, uns 500 metros de servizo ás leiras e de desconexión coa domótica que a filla instalou na casa para que os meus desexos e necesidades fosen atendidos antes de eu sentilos. Non hai moito saíamos por Sacristana cara á ponte medieval e seguíamos o paseo polas Furnas. Cada día recordo o paseo con Flora até arrodear a lagoa de Muro e volver. Os vellos temos a vida detrás e alá miramos.

Luana acompañame contemplando a natureza e camiñando á miña beira, suxeitando o meu brazo. Poida que o seu pensamento cruce o Atlántico para atoparse cos seus, coas amizades e amores, e soñe con *caipirinhas*, *suco de maracujá*, *pão de açúcar* e co Atlántico cálido de Floripa. Ela ten o meu control e o meu coidado. Cando o meu fillo

ou a miña filla chaman e aparecen en todas as pantallas da casa para que os vexa, estea onde estea, preguntan: “onde está Luana?” Non poden vela porque eu conseguín que o obxectivo indiscreto das cámaras chegue só ao salón e á cociña. Ela dálles o parte e recibe instrucións. Xa non tomo decisións nin me ocupo sequera de min mesmo, tan só recordo. Teño saudade da vida e cando contemplo a garota de Ipanema tamén teño saudade do sexo.

Luana acompaña o meu ritmo con paciencia. Á volta, prepara os almozos e despois vixía con discreción a intimidade da miña dificultosa ducha. Entra no cuarto cando teño os calzóns postos para axudarme a vestir. Ela escoita os meus recordos e faime crer que lle interesan. Interésenlle de verdade ou sexa pura condescendencia, eu conto as historias do meu pasado de vello e ela escoita. Ás veces tamén teño saudade de netos e penso no fermoso que sería velos medrar e transmitirles a memoria, mais corren malos tempos: roubáronnos o futuro e a liberdade. Na fin de século, o sistema consideraba refugallo o 25 por cento da poboación. Agora invertéronse os termos. Soportan a ciencia e a técnica un 25 por cento con cualificación, traballando en condicións de vasalaxe e o resto agarda algunha chamada para pequenas servidumes subsistindo cunha renda mínima, habilitada para soste-lo propio sistema. Mentres, a riqueza vaíse concentrando cada vez máis en menos.

Hoxe Luana lévame á barbaría para arranxar o cabelo e barbearme. Non é lonxe, só temos que cruzar o Sieira pola estrada vella sen entrar na autovía reservada a vehículos autónomos movidos por renovables e guiados por sinais invisibles captadas por sensores que permiten ir aos seus ocupantes ocupados en ocupar as redes. O meu carro é pequeno, de gama baixa, ora que eléctrico. O Fígaro que estira a miña pel engurrada para rasurarme, repasa todos eses pelos ventureiros que se estenden pola miña cabeza cun sofisticado detector ao que non lle escapa nada. Corta

e rasura en silencio e eu, nesta cadeira de nave espacial absolutamente ergonómica, non consigo entender o mecanismo electrónico que a move. Foi alumno meu no colexio de Xuño e trátame con profundo afecto e paciencia.

—Sempre é unha alegría e un pracer velo por aquí, Manuel.

—Grazas, Cibrao, eu tamén me alegro moito de verte. Hoxe tes que acicalarme que mañá...

—Xa sei. Mañá fanlle unha homenaxe. Non coñezo ninquén que a mereza tanto. Perda coidado, que o vou deixar mallado!

—Mallado vas quedar ti de barbear. Aos vellos os pelos raréannos na cabeza e prenden en sitios insospeitados. Vas ter que cortar estas medranzas no nariz, nas orellas, nas cellas... Mañá virá a miña filla para levarme a Lamaboa. Cando che comezan a facer homenaxes sabes que a vida acaba.

—Non diga iso, Manuel. Os homes coma vostede non morren nunca.

—Madía leva. E trátame de ti como me tratastes sempre todos.

—Perdoa, hai tantos anos que xa perdín o costume.

—Xa desde que eu exercía se vén reivindicando o tratamento de vostede para os mestres. Á reacción nunca lle gustaron os sinais igualitarios. Eu veño dun tempo en que se trataba toda persoa maior de vostede. Chámaselle respecto, aínda que o respecto non ten nada que ver con iso. Cando nos tratabades de ti na escola era un síntoma de democratización. Detrás desa reivindicación está a concepción xerárquica do conservadorismo. A eles gústalles o respecto gratuito da submisión, non o que hai que gañar con dignidade. Perdoa, xa che estou coa miña leria. Que tal Cibrao vello?

—Ben! Xa sabes como é meu pai, se non vai botar un lance á Parede cada día, dálle algo. Alí na Parede aínda pesca algunha robaliza.

—E mentres poida, fai ben. Dígocho eu.

Teño que quitar as lentes e deixo de ver no espello o corpo minguado e o rostro engurrado coma unha uva pasa, cheo de alteracións da melanina. A conversa de Cibrao manténme esperto a pesar do silencio sedante da máquina. Como teño a cabeza no acto de mañá, a súa conversa vaise coma unha música de fondo aos sons ambientais da inconsciencia. Penso as palabras que debo dicir, intento construír un discurso e sáeme inevitablemente o relato do Proxecto Filomena. Confío na miña memoria e reláxome mentres as palabras de Cibrao volven a min.

—Xa está, como un zaspel!

De volta, na casa, sigo pensando no discurso de mañá, evoco as palabras de exhortación do comezo daquela primeira xuntanza de Casa Filomena. Estou nervioso e Luana obsérvame estrañada porque ando de aquí para alá alterando todas as rutinas. Acomódome no estudio e intento escribir un guión. Xa hai tempo que non tecleo, mais os dedos continúan indo ás letras mecanicamente. Son os actos aprendidos como andar en bicicleta. Inevitablemente, teño que recorrer aos arquivos e busco “Proxecto Filomena” na nube. Aí descansa desde entón. Desde que morreu Flora non fun capaz de miralo.

Ábroo e vou lembrando todo aquel proceso. Leo as notas miñas e as que me mandaron a min para que coordinase a construción deste proxecto: unha ducia de cartafoles cos nomes de cada persoa que participou: once, máis a de Xaquín e Estrela, que a fixeron conxunta. Tamén están as actas dixitalizadas das xuntanzas, manuscritas coa fermosa letra de Bernal, xunto cos documentos de Word que inclúen os relatos tamén, coa marca da súa narrativa. Por último, un documento de texto co título en Times New Roman en negra e corpo de titular: “Proxecto Filomena”; recolle toda esta información integrada. O xantar interrompeume recordando como eu escribira ese relato e como axudou a que

Flora esquecese algo a súa enfermidade. Escribía e lía mentres descansaba na súa randeeira. Que atenta e que lúcida nas súas observacións!

Non sei se me dará tempo a lelo, Luana insiste en cumprir os horarios traéndome puntualmente os alimentos. Intenta rescatarme dos meus recordos e eu enrédooa contándolle a historia.

—Foi un fatídico día. Chamoume a enfermeira para comunicarme que a doutora quería falar comigo. Eu púxenme moi nervioso e pensei o peor. Obviamente, se fose bo o que nos tiñan que comunicar, chamarían a Flora Lamaboa, como sempre. Cumpriu co protocolo das malas noticias, fixo todas as preguntas previas para coñecer o meu ser e o meu estar e espetoume a palabra: mieloma múltiple. Informoume dos resultados de todas as probas: analíticas, biopsias, radioloxías, resonancia, citometría, tomografía, etc. e comunicoume o maldito diagnóstico. Díxenlle que ela quería saber a verdade e sóuboa tamén.

A nosa vida estaba sendo tranquila. Gozabamos aínda da novidade do descanso pracenteiro dos xubilados. Comezabamos a tomar conciencia de que todo ía cambiando de dimensión. O paseo diario desde As Furnas até Seráns, arrodeando as lagoas de Xuño e a de Muro, levábanos antes hora e media e agora lévanos dúas. As cousas cotiáns ían ocupando máis tempo e toda a nosa existencia se acomodaba ao sosegado ritmo do retiro. Mais non contabamos coa gran sima que se abriu aos nosos pés.

Era a primavera de 2015 e andabamos enredados coa coordinación dun libro homenaxe a Francisco Pascual, que cumpría 70 anos, un benposteño que chegara con aqueles profesores dos setenta para exercer o maxisterio con nós. Un tipo perspicaz e extraordinariamente humano. Flora comezou a amosar aqueles síntomas de cansazo que

nos levaron á consulta médica e ao hospital; unha ladaíña de probas e consultas que remataron no diagnóstico fatal. Cando chegou a celebración do aniversario do noso amigo, xa dixeríramos o primeiro impacto e intentabamos asumilo. Flora non quixo acompañarme, empeñouse en que fose eu só, e como nunca fun capaz de opoñerme aos desexos de Flora, accedín a cambio de que quedase con ela a súa irmá Xena.

Fixen a viaxe a Madrid en tren. Podía ir cos compañeiros que viaxaban desde Santiago e desde Ourense mais necesitaba ir só. Flora insistía: “chama aos de Santiago para ir con eles”. Dalgunha maneira, preocupábaa. Porén, eu tiña a decisión tomada e fun coller o Alvia, un AVE de segunda categoría que tardaba cinco horas en chegar a Madrid. Fun en preferente para ter o maior illamento posible. Á parte das circunstancias, sempre me gustou a soidade das viaxes, especialmente no tren. É como facilitar o acceso ao interior dun mesmo, que é onde toda viaxe nos leva. Estaba afectado por un sentimento nostálxico daquelas viaxes longas en que o tempo se estricaba e xeraba unha expectativa permanente de aventura, e por riba de todo atenazábam-me a tristura dunha melancólica nostalxia do futuro. Sobre as dez e media da noite cheguei a Madrid e busquei un cuarto no primeiro hotel que atopei saíndo da estación de Chamartín. Prefería agardar ao día seguinte para ver a xente. Baixei cear unha tapa nun bar moi preto do hotel e ás doce chamei a Flora antes de durmir axudado por un hipnótico. Noutras circunstancias, chamaría á irmandade benpostaña que anda por Madrid. Despois de cear nalgún restaurante recomendado por Ángel, trasnoitáramos regando os nosos recordos con espirituosos por eses lugares con sabor a bohemia e a *tertulia* do Madrid dos Austrias. Non me sentín capaz.

A celebración foi moi exitosa e emotiva, como adoitan ser as nosas xuntanzas. Un xantar cunha longa sobremesa e

entrega de agasallos. Con panexíricos á súa medida. E, como non podía ser doutra maneira, na mesa, ademais de falar da trasnoita que os demais si fixeran, falamos de Benposta e do seu ocaso. E foi aquí cando considerei que podía dicir o que sempre pensara e nunca dixera por non facer leña da árbore caída: o grupo de mestres que sostiñan o seu funcionamento escolar, ao final, era un grupo heteroxéneo con pouca cohesión que gastou as enerxías en reaccionar aos despedimentos e ao peche final, mais non tivera capacidade nin convencemento para continuar noutro sitio.

Entón foi cando Ángel Arrabal, un profesor, sociólogo e activista que acostuma observar e conxugar as complexidades, concordou e, co seu característico estilo de meter os cans na bouza, disertou sobre a posibilidade de deseñar un proxecto buscando o apoio dun grupo mínimo de xente, estudar a súa viabilidade e conseguir un lugar e un financiamento para comezar e poder asinar un concerto coa Consellería de Educación. Sinalou que entre nós había persoas con diversidade de coñecementos profesionais suficientes para poñelo en marcha; tanto na parte de formulación do proxecto con criterio pedagóxico como na de xestionar todo o procedemento legal. A proposta caeu como un pedrolo na lagoa de sarcasmos escépticos da maioría que emprenderan o camiño de volta e non lles sentaba ben que alguén lles recordase os ideais aos que tiveran que renunciar.

Ao rematar o xantar, Elvio, un berciano dos que formaban a comuna de Madrid, ergueuse golpeando cunha culler nunha botella para reclamar atención. E, desde o seu metro oitenta pasados, propuxo:

—Que vos parece se cambiamos o percorrido tradicional do Madrid dos Austrias e facemos a ruta da comuna madrileña, polos lugares e espazos que habitamos este grupo durante seis anos, nunha experiencia de vida comunitaria, tanto ou máis intensa que a que viñamos

de vivir? Quizais estaría mellor dicir que seguimos sendo Benposta na forma de vida, e contrastando todo iso coa aprendizaxe universitaria nun momento de especial eferescencia política. Os que prefiran percorrer o Madrid histórico que vaian e encontrámonos ás nove da noite na CEMU en Leganés.

É probable que Elvio, coa súa visión de psicólogo, pensase que isto axudaría a reencontrámonos co noso universo. Collemos o metro de Tirso de Molina a Legazpi, cruzamos o Manzanares na ponte e subimos Marcelo Usera até Moscardó, onde estaba o baixo que arrendaran en 1975, o primeiro da comuna madrileña, en Gumersindo Azcárate.

—Aquí alugaron piso Louzao e Pereiro, os primeiros que se matricularon na universidade, mentres cinco de nós, entre os que estabamos Castro e eu que nos incorporamos á comuna unha vez que rematamos o servizo militar, xuntámonos as fins de semana neste baixo raquíptico ao que tamén acudía un grupo de mestras que viñeran a Ourense facer un traballo de investigación. Todos acababamos de deixar Benposta despois dunha ruptura que intentabamos zurcir. Recordo aquelas xuntanzas, en que á catarse se sumaban as vicisitudes do cuartel, respirábase certa melancolía e moita incerteza sobre o futuro que nos agardaba. Mais o que mellor recuerdo daquelas veladas é o sentimento de irmandade. Estabamos unidos polo soño que compartiamos e nada une como iso. Regresabamos aos distintos cuarteis cunha considerable carga de augardente fornecida por Pinanxo, un compañeiro do Ribeiro, e por Louzao, que a traía da Ulla.

Seguimos por Oporto e atravesamos rueiros cara á igrexa de Caño Roto onde, ao pé da Vía Carpetana, alugaron o segundo piso, xa con mellores condicións. Elvio fixo un alto outra vez para seguir contando:

—Aquí vivimos case dous anos. Eu xa me incorporara no anterior, Castro e Agustín viñeron máis tarde. Tamén é



importante nese ano o encontro con outros grupos, especialmente unhas rapazas de Talavera que convivían nun piso do barrio de San Fermín. Con elas compartimos moitas cousas. Incluso se formou algunha parella que perdura.

Camiñamos por Toboso até Blasa Pérez, onde está o último piso que arrendaran e que Elvio nos quería mostrar:

—Este é o terceiro, un piso grande con tres cuartos, cociña e salón. Foi probablemente a sede máis recoñecible por todas as persoas que terminamos formando a comuna. Agustín deixounos ao segundo ano e os demais habitámono até que fomos rematando a universidade e marchamos cada un para o seu lado. Nós, Ángel Arrabal, Paco Pascual e ás veces Mazás, outro ex que marchara antes e estaba traballando nunha axencia aseguradora, xuntabámonos nas fins de semana para celebrar lacóns, botelos, níscaros en conserva ou calquera vianda que traíamos cando volvíamos da Terra. Eran auténticas asembleas de debate en que nós os estudantes, algo ousados, formulabamos cuestións que os profesores Paco Pascual e Ángel Arrabal intentaban encaixar.

Levounos dúas horas o percorrido e terminamos nunha cafetería de General Ricardos, tomando un café e recordando. Elvio, Louzao, Castro, Paco Pascual e Ángel Arrabal ilustraron con anécdotas a intensa vida universitaria da comuna. Coma sempre, Benposta de fondo, pois de alí marchamos fisicamente mais nunca a abandonamos, saímos de cu sen deixar de mirala nunca. Era tarde cando collemos o metro en Urgel para enlazar coa liña 10 cara a Leganés. Na CEMU continuaría a xuntanza até que o cansazo os levase pouco a pouco a durmir. Eu estaba canso e disimulaba porque non podía esquecer a única cousa que me ocupaba o pensamento e o sentimento. Estaba triste. Escuseime como puiden. Elvio deixoume as chaves e marchei durmir á súa casa, onde tiven a intimidade para chamar a Flora.